

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de decembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día catorce de decembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1314).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 23 de novembro, extraordinaria e urxente do 28 de novembro e ordinaria e extraordinaria e urxente do 30 de novembro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1315).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS (RELACIÓN 11/2017). EXPTE. 11057/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/11/17, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

XGL relación 11/2017

1.- Sentenza do 25 de outubro de 2017

Expediente nº 8829/111

Xulgado do Social nº 5 de VIGO

Ordinario: 1045/2014

Obxecto: Regularización nóminas e recoñecemento de cantidades adebedadas

SENTENZA n.º 399 do 30 de xuño de 2016

Estimación parcial con condena a CLECE.

Absolución do Concello por falta de reclamación previa e lexitimación pasiva.

Comunicada na X.G.L do 09/09/2016

TSXG, Sala do Social

SUPPLICACIÓN 1915/2017

Sentenza do 25 de outubro de 2017

Resolve o recurso de suplicación de dous dos demandantes contra a sentenza de instancia, desestimandoa.

O Concello optou por non comparecer e non intervir segunda instancia ao non se recorrer a súa absolución na sentenza 339/2016.

O departamento de Benestar Social e Persoal deben coñecer o resolto.

2.- Auto nº 365 do 8 de novembro de 2017

Expediente nº 9547/111

Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de SARRIA

Xuízo verbal: 680/2015

Obxecto: Reclamación 40.798.22 Euros

Expte(s): Recoñecemento obrigas como consecuencia da certificación nº 1

Esta sentenza, que é firme, revoga a apelada, mantendo a absolución do Concello e estimando a alegación de caducidade da acción promovida polo síndico da quebra neste procedemento.- Non se impoñen as custas.

3.- Decreto nº 463 do 15 de setembro de 2016

Expediente nº 9626/111

Xulgado do Social nº 4 de VIGO

Ordinario: 463/2015

Obxecto: Anulación Decreto de adscrición provisional de posto de traballo no IMD

Declara desistido ao demandante

O departamento de Persoal (e o de Deportes) debe coñecer o resolto.

4.- Sentenza do 19 de setembro de 2017

Expediente nº 9913/111

Xulgado do Social nº 2 REFORZO de VIGO

Ordinario: 692/2016

Obxecto: Reclamación de cantidades

Esta sentenza, dictada resolvendo o Recurso de Apelacion, estima o recurso de suplicacion de Mantelnor, mantendo a absoluci3n do Concello de Vigo.

5.- Sentenza do 20 de outubro de 2017

Expediente n3 9914/111

Xulgado do Social n3 2 REFORZO de VIGO

Ordinario: 695/2016

Obxecto: Reclamaci3n de cantidades fronte a Limpiezas del Noroeste, S.A.

Cont3a: 3.456,76 3

Esta sentenza, dictada en Suplicaci3n, revoga a de instancia e mantendo a absoluci3n ao Concello de Vigo, considera que Mantelnor non debe facer fronte 3s cantidades reclamadas pola traballadora demandante, correspond3ndolle 3 administraci3n concursal da anterior contratista municipal esa responsabilidade.

6.- Sentenza n3 230 do 28 de setembro de 2017

Expediente n3 9944/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo n3 1 de Vigo

Ordinario: 393/2016

Obxecto: Acordo da XGL do 10/06/2016 desestimatorio do recurso de reposici3n formulado contra outro do 11/12/2015 que aprobou as Bases do Procedemento Selectivo para formar Bolsa de Emprego de Enxeiros Industriais

Expte(s): 27894/220

A sentenza, a pesar das d3bidas que plantexa a cuesti3n controvertida e dos diferentes criterios xurisprudenciais existentes sobre o asunto, estima o recurso en relaci3n coa titulaci3n exixida ao declarar que debe ser a de enxeiro industrial ou master en enxeer3a industrial ou equivalente. Considera que se a Administraci3n establece na RPT unha profesi3n determinada de enxeiro industrial para un posto concreto debe exixirse a titulaci3n necesaria para o exercicio de dita profesi3n e ademais as funci3ns dos enxeiros industriais recollidas na gui3 de funci3ns do Concello coinciden no substancial coas da Escala de enxeiros -enxeer3a industrial-subgrupo A1 da Comunidade de Aut3noma de Galicia (disposici3n adicional novena da Lei 2/2015 de emprego p3blico de Galicia).

Esta Asesor3a Xur3dica considerou que non proced3a a formulaci3n de recurso de apelaci3n logo que, tal e como se recolle expresamente na sentenza, o criterio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (3rgano competente para resolver a apelaci3n) que considera que o master 3 o que otorga id3nticas competencias que o t3tulo de enxeiro industrial (sentenzas de 08.02.2017 e 22.06.2016) e o servizo xestor tampouco remitiu en prazo informe motivado para apelar.

Debe co3ecer o resolto o servizo de recursos humanos.

7.- Sentenza n3 213 do 23 de outubro de 2017

Expediente n3 10115/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo n3 2 de Vigo

Abreviado: 165/2017

Obxecto: Resoluci3n do Tribunal Econ3mico Administrativo do Concello de Vigo do 15-04-2016 , constringimento en sanci3n de tr3fico.

Expte(s): 4084-550

Cont3a: 993,55 3

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

8.- Auto nº 274 do 21 de xullo de 2017
Expediente nº 10294/111
Xulgado do Mercantil nº 3 de PONTEVEDRA
Concurso ordinario: 418/2016
Obxecto: Concurso de acreedores

Este Auto resolve o Recurso de Apelación interposto contra o Auto que declara en concurso á sociedade instrumental creada polos adxudicatarios da concesión administrativa; Pazo de Congresos de Vigo S.A. Esta resolución conclúe que efectivamente concorren os presupostos obxectivos para a declaración de concurso, pero tamén se pronuncia sobre a existencia duns compromisos contractuais das adxudicatarias fronte ao Concello de Vigo, esixibles. Testemuño da sentenza recibido o 10/11/17.

9.- Sentenza nº 484 do 2 de novembro de 2017
Expediente nº 10459/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 82/2017
Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 21/01/16 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra liquidación do IBI, nº recibo 152140147, por importe de 8.431,86 Euros
Expte(s): 41041-512
Contía: 8.431,00 €

Esta sentenza estima parcialmente a apelación da Universidade, unicamente no relativo á apreciación de incongruencia omisiva da Sentenza de instancia, pero desestima o rca contra o acto municipal, que resulta confirmado.
A Admón. de Tributos e o TEA do Concello de Vigo deben coñecer o resolto.

10.- Auto nº 96 do 19 de setembro de 2017
Expediente nº 10466/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 65/2017
Obxecto: XGL 30-12-2016. Proceso selectivo de Inspector Principal (promoción interna)

Declara rematado o procedemento por desistimento (incomparecencia á vista da actora e da co-demandada).
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

11.- Sentenza nº 422 do 1 de setembro de 2017
Expediente nº 10467/111
Xulgado do Social nº 4 de VIGO
Despedimento/cesamento en xeral: 283/2017
Obxecto: Nulidade de despido por vulneración de dereitos fundamentais

A sentenza estima parcialmente a demanda, e considera que o cese foi un despido improcedente. Se condena a que o Concello opte pola readmisión da traballadora con abono dos salarios de

tramitación ou a abonarlle unha indemnización de 21.138,25 euros, aos que hai que detraer os 4.494,66 euros xa percibidos.

Fixa un prazo de cinco días para a execución do pagamento, no caso de optar pola indemnización.

En caso contrario, se entenderá que procede a readmisión.

12.- Sentenza nº 226 do 26 de setembro de 2017

Expediente nº 10469/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 92/2017

Obxecto: Resolución do 24/01/17 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 12/01/2016 de incoación de expediente sancionador polas deficientes condicións de limpeza, salubridade e ornato da finca sita no Camiño Seña nº 13 Navia

Expte(s): 14060-310

Contía: 300,00 €

Esta sentenza, que desestima o recurso e é firme, impón as custas ao demandante, e considera que a actuación administrativa foi conforme a dereito. Desatendendo o propietario as súas obrigas en orde ao mantemento da finca nas condicións esixibles legal e regulamentariamente.

O Servizo de Medioambiente, Sanidade e Consumo deben de coñecer do resolto.

13.- Sentenza nº 423 do 1 de setembro de 2017

Expediente nº 10484/111

Xulgado do Social nº 4 de VIGO

Despedimento/cesamento en xeral: 301/2017

Obxecto: Despido nulo ou improcedente, contrato laboral indefinido no programa util

A sentenza estima parcialmente a demanda, declarando o cese da actora nulo, e condenando ao Concello ao reingreso da demandante.

Indícase na sentenza que o despedimento debería declararse como improcedente, pero ao acordarse para esta traballadora unha redución de xornada por coidado de fillo, é nulo en virtude do art. 53.4 ET

Fronte á sentenza, cabe interpoñer recurso de suplicación no prazo de cinco días dende a notificación da sentenza.

14.- Sentenza nº 220 do 20 de setembro de 2017

Expediente nº 10515/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 117/2017

Obxecto: Resolución do 31-01-2017 E.P. RPA, caída na vía pública o 26/06/2015

Expte(s): 4961-243

Contía: 7.722,50 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto e executar o acto administrativo xudicialmente confirmado.

15.- Sentenza nº 209 do 16 de outubro de 2017
Expediente nº 10587/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Abreviado: 137/2017
Obxecto: Resolución da X.G.L. na que se desestima recurso de alzada en relación co proceso selectivo da praza de Técnico Medio de Igualdade
Expte(s): 29493/220
Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, e se pode presentar recurso de apelación, desestima con custas o recurso da demandante, e considera que o proceso selectivo se desenvolveu axustado a dereito. As calificacións do órgano de selección se motivaron e non concorren os requisitos establecidos pola xurisprudencia para apreciar erro, falta de motivación ou omisión das bases da convocatoria.

16.- Sentenza nº 225 do 26 de setembro de 2017
Expediente nº 10621/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 120/2017
Obxecto: Contra desestimación do recurso interposto por sanción de tráfico na Avda Citroën, 5 con imposición de sanción e retirada de puntos.
Expte(s): 168672593
Contía: 500,00 €

Esta sentenza, desestimatoria, considera que a actuación administrativa é conforme a dereito.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

17.- Sentenza nº 204 do 18 de setembro de 2017
Expediente nº 10622/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Abreviado: 150/2017
Obxecto: Contra resolución ditada o 28/02/2017 que desestima reclamación sobre reponsabilidade patrimonial por danos e perxuízos no vehículo
Expte(s): 5033/243, 7010-77 e 7918-77
Contía: 794,07 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

18.- Auto nº 102 do 26 de setembro de 2017
Expediente nº 10633/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 151/2017
Obxecto: Contra resolución ditada o 01/12/2015, declarando sanción por importe de 200 Euros
Expte(s): 158629829
Contía: 200,00 €

Esta resolución, declara rematado o procedemento por incomparecencia da parte actora, o que implica o seu desistimento, e o arquivo das actuacións.

19.- Sentenza nº 261 do 7 de novembro de 2017

Expediente nº 10639/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 146/2017

Obxecto: Contra resolución ditada o 23/02/2017 da XGL, por desestimación recurso alzada contra lista de puntuacións finais e a proposta de nomeamento para a praza vacante de Conduc-tor-Bombeiro

Expte(s): 29374/220

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, e desestima o recurso, impón as custas ao demandante. A reso-lución analiza o desenvolvemento das probas selectivas, concluíndo que por parte do órgano de selección se aplicaron as bases, os criterios de valoración das probas, e se motivaron as puntua-cións. Desbotando os argumentos impugnatorios do actor.

A Área de RRHH debe coñecer do resolto

20.- Sentenza nº 203 do 18 de setembro de 2017

Expediente nº 10641/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 160/2017

Obxecto: Contra resolución de data 15/03/2017 estimación parcial, RPA

Expte(s): 5064/243

Contía: 763,59 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso declarando que a contía da indemnización é de 920,47 Euros (no canto dos 350,18 Euros recoñecida en vía administrativa), con cargo á con-cesionaria do servizo de augas

O departamento de Patrimonio e Contratación debe verificar a execución pola contratista obriga-da, en tempo e forma.

21.- Sentenza nº 199 do 18 de setembro de 2017

Expediente nº 10645/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 163/2017

Obxecto: Contra resolución do 27-1-2017 pola que se desestima R. Reposición contra resolución do 30-11-2016 sancionadora por estacionar en carga e descarga.

Expte(s): 168651006

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

22.- Sentenza nº 207 do 13 de setembro de 2017

Expediente nº 10647/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 140/2017

Obxecto: Contra resolución ditada o 16/02/2017 que impón sanción de 300 Euros e retirada de 2 puntos na Avda. Beiramar, nº 59
Expte(s): 168644696
Contía: 300,00 €

Esta sentenza desestima o recurso e considera que a resolución administrativa é conforme a dereito. Trátase dunha sentenza firme, que impón as custas ao demandante.
O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto

23.- Sentenza nº 210 do 23 de outubro de 2017
Expediente nº 10673/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 148/2017
Obxecto: Contra resolución ditada o 2-3-2017. Sanción de tráfico por non identificar ao condutor
Expte(s): 168676080

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción, con custas de oficio.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben executar o resolto.

24.- Sentenza nº 209 do 13 de setembro de 2017
Expediente nº 10676/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 170/2017
Obxecto: Inactividade, limpeza de terreo no Salgueiral nº 8
Expte(s): 170000038, 90151618 e 120068413

Esta sentenza, firme, estima o recurso, declara a existencia de inactividade e condena ao Concello á limpeza da finca e á reparación do muro de separación no prazo máximo de 3 meses.
O departamento de Parques e Xardíns debe executar o resolto.

25.- Sentenza nº 214 do 19 de setembro de 2017
Expediente nº 10697/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 154/2017
Obxecto: Contra resolución de data 02/03/2017 pola que se desestima recurso reposición por interposición de sanción
Expte(s): 168632663

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

26.- Sentenza nº 238 do 11 de outubro de 2017
Expediente nº 10711/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 163/2017
Obxecto: Contra a desestimación da reclamación económica administrativa do TEA
Expte(s): 4183-550 E 21331-514
Contía: 2.167,93 €

Esta sentenza, que é firme pola contía, estima o recurso ao considerar que existe unha situación de inseguridade xurídica pola existencia dun baleiro legal, e con remisión á xurisprudencia do TSXG, nos supostos de venda con perdas, proceda a inaplicación do tributo.

27.- Sentenza nº 201 do 18 de setembro de 2017

Expediente nº 10716/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 186/2017

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 07/11/2016; constrinximento (sanción de tráfico: non identificar ó condutor)

Expte(s): 4291/550 - 31748/700

Contía: 900,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O TEA, o departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

28.- Sentenza nº 242 do 18 de outubro de 2017

Expediente nº 10733/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 181/2017

Obxecto: Contra resolución ditada o 21/04/2017 que resolve expediente sancionador

Expte(s): 168675884

Contía: 1.800,00 €

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso con imposición de custas, e considera axustado a dereito o tramitado polo Concello neste procedemento sancionador.

29.- Sentenza nº 253 do 31 de outubro de 2017

Expediente nº 10754/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 224/2017

Obxecto: Contra Resolución de data 26 de maio do 2017 pola que se desestima Recurso de reposición por imposición de sanción de 600 Euros, ao non identificar ao condutor

Expte(s): 168666300

Contía: 600,00 €

Esta sentenza, que desestima o recurso, considera que o Concello procedeu con dilixencia a esgotar os medios dos que dispoñía para notificar os actos que derivaron na imposición da sanción por non identificar ao condutor, infracción autónoma da principal a sancionar. Resultando a totalidade deste expediente conforme a dereito. Se impoñen as custas ao demandante.

30.- Sentenza nº 212 do 23 de outubro de 2017

Expediente nº 10756/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 227/2017

Obxecto: Resolución do 26/04/2017 (en reposición). Sanción de tráfico. Dilixencia de embargo

Expte(s): 158664798

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso con custas taxadas de oficio.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

31.- Sentenza nº 257 do 31 de outubro de 2017

Expediente nº 10761/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 211/2017

Obxecto: Contra resolución ditada o 11-5-2017, por imposición sanción de tráfico con retirada de puntos

Expte(s): 178602110

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, desestimatoria con custas, considera que a tramitación administrativa do procedemento sancionador por infracción das normas de circulación foi axustado a dereito, e os feitos invocados polo demandante non desvirtuaron o contido do boletín de denuncia.

32.- Sentenza nº 270 do 15 de novembro de 2017

Expediente nº 10763/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 229/2017

Obxecto: Contra resolución de data 28-4-2017 que desestima reclamación de responsabilidade patrimonial

Expte(s): 5044-243

Contía: 12.499,72 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, no referente á obriga de aboar os xuros legais da indemnización resolta en vía administrativa (entre o 10/03/2016 e a data do pagamento efectivo) confirmando as restantes contidos do acto municipal (concorrenza de culpas, imputación á concesionaria CESPAS S.A.)

O departamento de Patrimonio-RPA debe executar o resolto xudicialmente e verificar o pagamento da principal e de xuros pola concesionaria obrigada en tempo e forma.

33.- Sentenza nº 266 do 15 de novembro de 2017

Expediente nº 10765/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 243/2017

Obxecto: Contra resolución de data 6-4-2017 por denegación de axuda económica " Programa M.de axudas extraordinarias a familias 2016"

Expte(s): 124341-301

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula o acto e condena ao Concello ao aboamento de 536,10 Euros

O departamento de Benestar Social debe executar o resolto.

34.- Sentenza nº 271 do 15 de novembro de 2017

Expediente nº 10769/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Abreviado: 234/2017

Obxecto: Contra os apartados 1º, 4º, 5º e 6º da "Resolución de reclamacións dos aspirantes ás prazas de policía local pola quenda libre correspondente á OEP 2010-2011" publicada no BOP. 118.

Expte(s): 29685-220

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso, anula o acto recorrido, deixa sen efecto a recusación e ordena a continuación do proceso selectivo.

O departamento de Persoal debe coñecer e impulsar a execución do resolto no caso.

Esta Servizo Xurídico entende que non hai base para apelar, en todo caso procederemos a interpoñer recurso se o departamento municipal de Persoal así nolo indica (con urxencia e motivadamente).

35.- Decreto nº 23 do 18 de setembro de 2017

Expediente nº 10819/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 280/2017

Obxecto: Desestimación por silencio da reclamación formulada con data 27/02/2017. Recoñecemento categoría superior

Acepta o desestimento dos demandantes (permuta a P.A. 274/2017 no Xulgado do C-A nº 1 con iguais suxeto e obxecto)

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto

36.- Decreto nº 27 do 23 de outubro de 2017

Expediente nº 10825/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 262/2017

Obxecto: Pagamento bonificado o 07/06/2017. Sanción de tráfico por exceso de velocidade

Expte(s): 178640643

Acepta o desestimento da actora.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-recadación municipal deben coñecer o resolto

37.- Decreto nº 367 do 14 de setembro de 2017

Expediente nº 10885/111

Xulgado do Social nº 4 de VIGO

Ordinario: 1194/2013

Obxecto: Resolución do Presidente do I.M.D. do 08/07/2013. Adscrición provisional a posto vacante de Xefe de Mantemento

Expte(s): 1594-11

Declara desistido ao demandante

O departamento de Persoal (e o de Deportes) debe coñecer o resolto.

38.- Decreto nº 364 do 11 de setembro de 2017
Expediente nº 10887/111
Xulgado do Social nº 4 de VIGO
Despedimento/cesamento en xeral: 664/2014
Obxecto: Cesamento do 11/05/2014 (contrato de relevo). RP 22/05/2014

Declara desistida á demandante.
O departamento de Persoal (e o de Deportes) deben coñecer o resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(1316).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO ROCÍO. 4817/440.

Dáse conta da proposta asinada con data 11/12/17, pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 11 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	COVISAM NORTE, S.L.	90,43
2	ORECO, S.A.	89,87
3	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	87,36
4	AN ROD LATEM, S.L.	81,27
5	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.	74,71
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	64,60

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COVISAM NORTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1317).- BASES E CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” 2018 DENTRO DA ESTRATEXIA “VIGO VERTICAL (COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL. EXPTE. 14622/77.

Visto o informe xurídico do 27/11/17 e informe de fiscalización do 12/12/17, dáse conta do informe-proposta do 24/11/17, asinado polo xefe do Servizo de Emprego e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, dependente da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, ten encomendado dentro do plan de implementación da estratexia DUSI “Vigo Vertical”, o deseño e posta en marcha de operacións enmarcadas dentro do obxectivo específico “9.8.2 Rexeneración física, económica e social do contorna urbana en áreas urbanas desfavorecidas a través de Estratexias urbanas integradas” en concreto no marco da liña de actuación “Implantación de plans de acción directa para fomentar a inserción laboral”.

Para desenvolver estes obxectivos, a A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, ven a por en marcha unha nova convocatoria do programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA”, para facilitar a inserción laboral de colectivos en situación ou risco de exclusión. As persoas beneficiarias destas accións serán seleccionadas seguindo o criterio fundamental de “necesidade social”, que responde de modo oportuno á idea de promoción do emprego nos colectivos máis necesitados de experiencia no mercado laboral.

As Bases de Convocatoria establecen, que nas convocatorias os postos a contratar estén relacionados coas seguintes profesións:

Auxiliar topógrafo	Oficial carpintería de aluminio	Oficial fontanería
Auxiliar Delineante	Oficial carpintería de madeira	Oficial mecánica do automóbil
Auxiliar administrativo	Oficial carpintería metálica	Oficial pintura
Técnico de PRL	Oficial condutor	Oficial xardinería-forestal
Capataz construción	Oficial desinfección	Peóns construción
Oficial albanelería	Oficial electricidade	Peóns xardinería-forestal

A base 4, establece que os contratos terán unha duración máxima de 6 meses que coincidirá coa duración da convocatoria do programa VIGO EMPREGA no presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio programa de inserción laboral, con unha modalidade de contrato de duración determinada de interese social, a xornada completa, cos dereitos e obrigas que leva implícito, en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría do posto a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, o que considere oportuno a Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en base á lexislación vixente así coma o contido dos informes xurídicos da dita xefatura maillo do Interventor Xeral, e deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do programa de emprego para o fomento da Inserción Laboral “VIGO EMPREGA” no marco da Estratexia **DUSI VIGO VERTICAL financiada polo Fondo Europeos de Desenvolvemento Rexional - FEDER** para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego”, que se atope en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no **Capítulo 1, artigo 1.3** do acordo marco de referencia (beneficiarios/as). Do mesmo xeito e conforme establecen as bases de selección, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, determinará e aprobará na convocatoria de selección de beneficiarios/as o seguinte:

1. Relación de obras a desenvolver polo persoal do programa VIGO EMPREGA na 1ª quenda do 2018:

a) Vías e Obras:

- Construción de beirarrúas en:
 - Rúa Portela – Lavadores
 - Rúa Casal – Sampaio
- Rehabilitación do patrimonio: lavadoiros municipais.
- Pintado de varandas das rúas da cidade.

b) Limpeza:

- Limpeza de restos vexetais, maleza e terras, mediante o rozado de camiños, valados e cunetas, nas seguintes parroquias:
 - Parroquia de Cabral.

- Parroquia de Lavadores
- Parroquias de Sampaio.

c) Parques e Xardíns:

- Novas praderías de cespede, resemanteira das existentes e prantación zonas arbustivas, viváceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.
- Construción, acondicionamento e reparación de canalizacións e canaletas nos Parques do Castro e Castrelos, limpeza das zonas de acceso e camiños interiores do Parque.
- Eliminación de barreiras arquitectónicas para favorecer o tránsito de persoas con problemas de mobilidade.
- Instalación e reparación de sistemas de rega automática nos parques de Castro e Castrelos. Limpeza de arquetas e sumidoiros.

d) Educación:

- Actuacións de acondicionamento de baños nos centros de primaria do Concello de Vigo: Illas Cies, Pintor Laxeiro, San Salvador de Teis e Ria de Vigo.
- Reparación de fachadas de fendas e reposición de elementos de acabado e pintado , en centros de ensino primario.

e) Parque Central de Servizos:

- Mantemento e arranxo de vehículos e maquinaria do programa.
- Cambiar pratos de duchas dos vestiarios.
- Pintado de diferentes espazos da nave municipal.
- Reposición de azulexos en vestiarios do Parque.

f) Emprego:

- Acondicionamento de locais municipais de emprego
- Reforma final da Nave Municipal da Florida

g) Electromecánicos:

- Traballos de albanelería de apoio para a instalacións de farois de alumeadado público.
- Traballos de electricidade para instalacións de alumeadado público.

h) Desinfección:

- Apoio a campaña de desratización do casco urbano, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización, desinsectación e desinfección en barrios e parroquias.

i) Medio Ambiente:

- Obras de reparación no refuxio municipal da Madroa
- Reparación das torretas de aceiro de vixilancia e salvamento das praias
- Reparación de pasarelas fixas de acceso ao areal do Vao
- Rematar Valado de duna de Serral-Canido
- Campaña de actuacións de limpeza, entorno río Lagares.

j) Vigo Zoo.

- Reforma na Instalación de tartarugas, construción de dúas charcas e peche de bloque.
- Adecuación do recinto do Castor consistente na construción e habilitación de caseta para o castor en pedra e madeira

- Recosntrucción e habilitación de zonas axardinadas en zonas de granxa escola .
- Rehabilitación das conas axardinadas adecuando as especies ao entorno do Parque mellorando o seu aspecto paisaxístico.

2. Convocatoria dos seguintes postos a contratar para o desenvolvemento do programa VIGO EMPREGA 1ª quenda do 2018.

1. Capataces beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Capataces construción	4 (catro)

2. Oficiais de oficios beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Oficial albanel	14 (catorce)
b) Oficial electricista	2 (dous)
c) Oficial fontaneiro	2 (dous)
d) Oficial Carpintería aluminio	1 (un)
e) Oficial Carpintería metálica	1 (un)
f) Oficial Desinfección	1 (un)
g) Oficial Carpintería madeira	1 (un)
h) Oficial Pintor	2 (dous)
i) Oficial mecánico automoción	2 (dous)
j) Oficial xardinaría	10 (dez)
k) Oficial condución	12 (doce)

4. Peóns beneficiarios/as :

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Construción.	45 (coarenta e cinco)
b) Xardinería-forestal	30 (trinta)

5. Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Auxiliar administrativo	2 (dous)
b) Delineante	1 (un)
c) Auxiliar Topografo	1 (un)
d) Prevención de Riscos Laborais	1 (un)

3. Selección dos beneficiarios/as.

- O Concello de Vigo, solicitará as/os traballadores que correspondan, dacordo coas características recollidas nas bases mediante a presentación de Oferta de Emprego, facendo referencia as características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas.
- Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello cofinanciadas mediante o Programa Operativo de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional á Estratexia presentado polo Concello de Vigo denominada "VIGO VERTICAL", por iso, acordase manter as porcentaxes para a contratación das persoas beneficiarias, establecidas nas bases de selección de candidatos ao programa "Vigo Emprega".

- Realizarase posteriormente polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a comprobación do cumprimento de requisitos imprescindibles e baremación das persoas candidatas ao proceso de selección,.
- Una vez publicada a baremación e a relación de persoas candidatas admitidas se procederá a á realización das probas escrita e práctica.
- As persoas seleccionadas aceptarán a súa inclusión na lista pública que se recolle no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consejo do 17 de decembro de 2013

- **Proba Escrita (máximo 2 puntos)**

A proba terá un mínimo de vinte(20) preguntas, deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo.

- Realizaráselles ás persoas candidatas e valoraranse: aspectos ocupacionais, rasgos de persoalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vencellados a busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.
 - Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.
 - Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ó resto das puntuacións acadadas, sempre que a persoa candidata non obteña a calificación NSNM (non supera a nota mínima), consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.
 - As persoas candidatas con unha de “NSNM”, será excluída do proceso de selección.
- **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas do posto de traballo. Valoraranse competencias básicas donde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacioandas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do programa Vigo Emprega e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios, as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñanse conforme a profesión e as labouras máis comúns que se teñen previsto desenvolver, conforme as obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en: obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase “NSNM” e quedará excluída do proceso de selección.

Publicación das listaxes de admitidos a contratar e listaxe de suplentes.

Os custos totais estimados das retribucións do persoal son os reflectidos na seguinte táboa, segundo o establecido no Acordo Marco prorrogado de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do PME 2008-2011, na modalidade de beneficiarios para o persoal técnico administrativo, capataces, oficiais de oficios e peóns:

- O prazo previsto de contratación para a 1ª quenda de 2018 será, a partir do 01 de maio de 2018, polo que o custo total de **902.241,18 €** para o ano 2018, dende o 01 de maio ata o 31 de outubro de 2018. Estes custos aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2018:
 - 2410 1310000 “DUSI, OT9, LA 15, PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORALL”:
▪ Orzamento 2018 664.426,43 €
 - 2410 16000001 “DUSI, OT 9, LA 15 PLAN EMPREGO INSERCIÓN LABORALL, SS”:
▪ Orzamento 2018 237.814,76 €

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2018														
Pos to	Categoría	Salario mes	Pro-rrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNA E/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Cotización por trab/pos	Custe total estimado	Custe pos-tos/mes	ANO 2018	SS total Postos 6 Meses	Salarios totais Postos 6 Meses
2	Auxiliar administrativo	707,70	117,95	825,65	825,65	84/a	33,75	272,94	545,88	1.123,21	3.369,63	13.183,08 €	3.275,28	9.907,80 €
1	Auxiliar topografo	728,80	121,47	850,27	850,27	84/a	33,75	286,97	286,97	1.137,24	1.137,24	6.823,42 €	1.721,80	5.101,62 €
1	Delineante	728,80	121,47	850,27	850,27	84/-	31,75	269,96	269,96	1.120,23	1.120,23	6.721,36 €	1.619,76	5.101,60 €
1	Tecnico PRL	728,80	121,47	850,27	850,27	84/-	32,75	278,46	278,46	1.128,73	1.128,73	6.772,37 €	1.670,77	5.101,60 €
4	Capataz-Construcción	745,24	124,21	869,45	869,45	84/d	37,80	328,65	1.314,61	1.198,10	4.792,40	28.754,42 €	7.887,64	20.866,78 €
14	Oficial albanel	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	4.499,60	1.171,66	16.403,30	98.419,80 €	26.997,59	71.422,20 €
2	Oficial electricista	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	642,80	1.171,66	2.343,33	14.059,97 €	3.856,80	10.203,17 €
2	Oficial fontaneiro	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	2.343,33	14.059,97 €	1.928,40	12.131,57 €
1	Of. Carpintería aluminio	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Oficial Carpintería metálica	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
1	Of. Desinfección	728,80	121,47	850,26	850,26	84/g	34,70	295,04	295,04	1.145,31	1.145,31	6.871,84 €	1.770,25	5.101,59 €
1	Of. Carpintería madeira	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	321,40	1.171,66	1.171,66	7.029,99 €	1.928,40	5.101,59 €
2	Of. Pintor	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	642,80	1.171,66	2.343,33	14.059,97 €	3.856,80	10.203,17 €
2	Of. mecánico automoción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/d	37,80	321,40	642,80	1.171,66	2.343,33	14.059,97 €	3.856,80	10.203,17 €
10	Of. xardinaria	728,80	121,47	850,26	850,26	84/g	34,70	295,04	2.950,42	1.145,31	11.453,06	68.718,36 €	17.702,50	51.015,86 €
12	Of. conducción	728,80	121,47	850,26	850,26	84/f	32,75	278,46	3.341,54	1.128,73	13.544,71	81.268,26 €	20.049,23	61.219,03 €
30	Peón Xardinaria-Forestal	707,70	117,95	825,65	825,65	84/g	34,70	286,50	8.595,02	1.112,15	33.364,52	200.187,10 €	51.570,10	148.617,00 €
45	Peón construción	707,70	117,95	825,65	825,65	84/d	37,80	312,10	14.044,31	1.137,75	51.198,56	307.191,34 €	84.265,84	222.925,50 €
132									39.635,79	Mes	151.545,98	902.241,18	237.814,76	664.426,42

Polo anteriormente exposto e tendo en conta a necesidade de realizar a convocatoria de contratación de peóns, oficiais e capataces e persoal técnico administrativo beneficiarios/as, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- *Aprobar as BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” DENTRO DA ESTRATEXIA “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), que se achegan no anexo I.*

2.- *Aprobar a convocatoria de selección de **132** traballadores, conforme ás BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA “VIGO EMPREGA” DENTRO DA ESTRATEXIA “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), para o seguintes postos da 1ª quenda do programa de inserción laboral “VIGO EMPREGA”:*

a) *Capataces beneficiarios/as:*

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
• Capataces construción	4 (catro)

b) *Oficiais de oficios beneficiarios/as:*

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
• Oficial albanel	14 (catorce)
• Oficial electricista	2 (dous)
• Oficial fontaneiro	2 (dous)
• Oficial Carpintería aluminio	1 (un)
• Oficial Carpintería metálica	1 (un)
• Oficial Desinfección	1 (un)
• Oficial Carpintería madeira	1 (un)
• Oficial Pintor	2 (dous)
• Oficial mecánico automoción	2 (dous)
• Oficial xardinaría	10 (dez)
• Oficial condución	12 (doce)

c) *Peóns beneficiarios/as :*

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
• Construción.	45 (coarenta e cinco)
• Xardinería-forestal	30 (trinta)

d) *Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:*

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
• Auxiliar administrativo	2 (dous)
• Delineante	1 (un)
• Auxiliar Topografo	1 (un)
• Prevención de Riscos Laborais	1 (un)

2.- *Establecer o número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9 das Bases de Selección das de persoas candidatas:*

- | | | |
|----|---|----|
| a) | 3% persoas con discapacidade que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo | 4 |
| b) | 30% menores de 30 anos, dos que ao menos o 50%, en busca 1º emprego. | 40 |
| c) | 30% mulleres. | 40 |
| d) | 19% persoas maiores de 45 anos | 25 |
| e) | 18% persoas paradas de longa duración. | 23 |

3.- Realizar a solicitude de persoas candidatas as Oficinas do Servicio Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para os distintos postos para pasar ao procedemento de selección:

- a) *Capataces, oficiais e persoal técnico administrativo: Valoración dos candidatos segundo criterios de experiencia laboral formación e outros meritos, directamente relacionados coa actividade a desenvolver.*
- b) *Peóns: Comprobación do cumprimento dos requisitos imprescindibles establecidos no punto 6 das bases de selección.*
- c) *Autorizar a realización de probas: escrita e práctica relacionadas co oficio e posto aos técnicos, Capataces, oficiais e peóns, todos eles beneficiarios/as.*

4.- Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa, que deseguido se relacionan:

a) *Vías e Obras:*

- *Construción de beirarrúas en:*
 - *Rúa Portela – Lavadores*
 - *Rúa Casal – Sampaio*
- *Rehabilitación do patrimonio: lavadoiros municipais.*
- *Pintado de varandas das rúas da cidade.*

b) *Limpeza:*

- *Limpeza de restos vexetais, maleza e terras, mediante o rozado de camiños, valados e cunetas, nas seguintes parroquias:*
 - *Parroquia de Cabral.*
 - *Parroquia de Lavadores*
 - *Parroquias de Sampaio.*

c) *Parques e Xardíns:*

- *Novas praderías de cespede, resemteira das existentes e prantación zonas arbustivas, viváceas e novo arbolado nos parques do Castro e Castrelos.*
- *Construción, acondicionamento e reparación de canalizacións e canaletas nos Parques do Castro e Castrelos, limpeza das zonas de acceso e camiños interiores do Parque.*
- *Eliminación de barreiras arquitectónicas para favorecer o transito de persoas con problemas de mobilidade.*
- *Instalación e reparación de sistemas de rega automática nos parques de Castro e Castrelos. Limpeza de arquetas e sumidoiros.*

d) *Educación:*

- Actuacións de acondicionamento de baños nos centros de primaria do Concello de Vigo: Illas Cies, Pintor Laxeiro, San Salvador de Teis e Ría de Vigo.
 - Reparación de fachadas de fendas e reposición de elementos de acabado e pintado , en centros de ensino primario.
- e) Parque Central de Servizos:
- Mantemento e arranxo de vehículos e maquinaria do programa.
 - Cambiar pratos de duchas dos vestiarios.
 - Pintado de diferentes espazos da nave municipal.
 - Reposición de azulexos en vestiarios do Parque.
- f) Emprego:
- Acondicionamento de locais municipais de emprego
 - Reforma final da Nave Municipal da Florida
- g) Electromecánicos:
- Traballos de albanelería de apoio para a instalacións de farois de alumeado público.
 - Traballos de electricidade para instalacións de alumeado público.
- h) Desinfección:
- Apoio a campaña de desratización do casco urbán, do río Lagares e afluentes; e á precampaña de desratización, desinsectación e desinfección en barrios e parroquias.
- i) Medio Ambiente:
- Obras de reparación no refuxio municipal da Madroa
 - Reparación das torretas de aceiro de vixilancia e salvamento das praias
 - Reparación de pasarelas fixas de acceso ao areal do Vao
 - Rematar Valado de duna de Serral-Canido
 - Campaña de actuacións de limpeza, entorno río Lagares.
- j) Vigo Zoo.
- Reforma na Instalación de tartarugas, construción de dúas charcas e peche de bloque.
 - Adecuación do recinto do Castor consistente na construción e habilitación de caseta para o castor en pedra e madeira
 - Recosntrucción e habilitación de zonas axardinadas en zonas de granxa escola .
 - Rehabilitación das zonas axardinadas adecuando as especies ao entorno do Parque mellorando o seu aspecto paisaxístico.
4. Aprobar o gasto total de 902.241,18 € do orzamento municipal correspondente ao ano 2018. Estes custos aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2018:
- a) 2410 1310000 "DUSI, OT9, LA 15, PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL":
 - Orzamento 2018 664.426,43 €
 - b) 2410 16000001 "DUSI, OT 9, LA 15 PLAN EMPREGO INSERCIÓN LABORALL, SS":
 - Orzamento 2018 237.814,76 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1318).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2017. EXPTE. 7249/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 7/12/17, asinado pola xefa do Servizo de Festas e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, aprobadas polo Pleno con data 27/12/2016, faise a seguinte

PROPOSTA:

*Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **gasto menor** no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de novembro de 2017.*

Decreto concelleira data: 20/11/2017
Informe Intervención: RCM 107876
Adxudicatario: JUAN MARCOS RODRÍGUEZ VILA
Importe total: 3.448,50 EUROS

Expte: 7168/335. CONTRATACIÓN DA IMPRESIÓN E DISTRIBUCIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA O PROGRAMA NADAL 2017
Decreto concelleira data: 22/11/2017
Informe Intervención: RCM 109035
Adxudicatario: ECOVIGO PUBLICIDAD SL
Importe total: 11.596,76 EUROS

Expte: 7174/335. CONTRATACIÓN DA CONFECCIÓN DE TRES TRAXES PARA OS REIS MAGOS PARA A CABALGATA DE REIS
Decreto concelleira data: 23/11/2017
Informe Intervención: RCM 110845
Adxudicatario: FERNANDO JOSÉ MORENO SOTO
Importe total: 21.779,99 EUROS

Expte: 7181/335. CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE CABLEADO DE SEGURIDADE E EXECUCIÓN DUN SISTEMA DE TENSADO DAS LONAS DO ESCENARIO DO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS
Decreto concelleira data: 23/11/2017
Informe Intervención: RCM 110846
Adxudicatario: CLAVIMAR GALICIA SL
Importe total: 5.648,59 EUROS

Expte: 7185/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN CARTEIRO REAL POR BARRIOS E DO SÉQUITO POR ZONAS COMERCIAIS CON MOTIVO DO NADAL 2017

Decreto concelleira data: 29/11/2017

Informe Intervención: RCM 113095

Adxudicatario: TROULA ANIMACIÓN SL

Importe total: 11.524,04 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(1319).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA CONTÍAS DO REPARTO DE ANUALIDADES DO IMPORTE ANUAL DA PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DO RESIDUOS VOLUMINOSOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 6548/252.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/11/17, dáse conta do informe-proposta do 29/11/17, asinado polo xefe do servizo de Limpeza, o xefe dos Servizos Xurídicos-Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Limpeza e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

En data 21 de xullo do 2015 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar á mercantil TOCA SALGADO, S.L. o contrato maior de servizos para a Xestión do Residuos Voluminosos da cidade de Vigo, por un prezo total con iva de 464.544,00 euros en dous anos (232.272 €/ano), e un prezo unitario iva engadido de 99,90 € por tonelada de residuos entregados nas súas instalacións do Camiño do Caramuxo. **O prezo unitario sen iva da adxudicación resultou en 90,818 euros por Tonelada.**

O prazo do contrato é de dous anos prorrogables por outra anualidade máis, conforme ao apartado 4 das follas de características do contrato (FEC) que integran o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

En data 10 de agosto do 2015 asinouse o contrato, iniciándose a prestación do servizo ese mesmo día conforme ao indicado na cláusula 4ª do contrato.

Dado que o prazo do contrato é de dous anos e que a prestación iniciouse o día 10 de agosto do 2015, **o contrato rematou do día 9 de agosto do ano 2017**. Non entanto, conforme ao PCAP, unha vez concluído o contrato permítese unha prórroga de ata un ano sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, e sempre que o contratista non se opoña á mesma cunha antelación de cinco meses contada dende o vencemento do contrato, como é neste caso.

A responsable da empresa Dª Nuria Toca Salgado con D.N.I 36.135.543-T, en data 20 de abril do 2017 remitiu ao Concello de Vigo o escrito de aceptación da prórroga establecida no apartado 4.C das FEC do Prego de Clausulas Administrativas Particulares e na cláusula 4ª do contrato asinado. O escrito tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 24 de abril do 2017 co N° 170058570, e consta no expediente.

En data 3 de agosto de 2017, a Xunta de Goberno Local acordou:

- *“Autorizar a prórroga para o periodo comprendido entre o 10 de agosto do ano 2017 ao 9 de agosto do ano 2018, do Contrato de xestión dos residuos voluminosos da Cidade de Vigo, adxudicado á mercantil TOCA SALGADO S.L e que remata o día 9 de agosto do 2017.*
- *A prórroga rematará o día anterior ao de inicio da nova prestación que resulte da licitación que está neste intre en trámite polo Departamento de Limpeza (Exp.:6603-252), e en todo caso o día 9 de agosto do ano 2018.*
- *Consonte cos antecedentes desta proposta, o importe anual da prórroga será como máximo de 218.781€, repartidos nas seguintes anualidades:*
 - *Ano 2017 144 días (de 10 agosto a 31 decembro) 86.313,60 euros*
 - *Ano 2018 221 días (de 1 de xaneiro a 9 de agosto) 132.467,40 euros”*

PARTE EXPOSITIVA:

No que respecta á contía económica que se consignou para a prórroga, procede indicar que o importe efectivo do contrato depende da cantidade de residuos realmente xestionada polo adxudicatario. Nese sentido, para establecer un marco económico veraz, realizouse unha prognose da cantidade de residuos a xestionar durante os meses da prorroga, referida ás cantidades xestionadas nos meses anteriores.

Desa estimación resultou o reparto de anualidades do prezo de prórroga do contrato que aprobou finalmente o órgano de contratación do Concello de Vigo:

- Ano 2017 86.313,60 euros
- Ano 2018 132.467,40 euros

Posteriormente e co custe real resultante das mensualidades devengadas ata outubro do ano 2017, conclúese que a cantidade consignada para a anualidade da prórroga do ano 2017 non é suficiente dado que a cantidade de residuos xestionados é maior que a estimada inicialmente, polo que se ve necesario unha modificación do reparto de anualidades de 25.000 €, que deberán detraerse do importe consignado para o ano 2018 e incrementarse no importe do ano 2017.

Coa modificación indicada, o reparto de anualidades definitivo quedaría como segue:

- Ano 2017 $86.313,60 + 25.000 = 111.313,60$ euros
- Ano 2018 $132.467,40 - 25.000 = 107.467,40$ euros

a imputar contra a partida 1622..2270017 “outros verquidos de lixo” na que hai crédito suficiente este ano.

Á vista das anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte:

ACORDO

Modificar as contías do reparto de anualidades do importe anual da prórroga do Contrato Mior de Servizos para a Xestión do Residuos Voluminosos da cidade de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 03/08/2017, nos seguintes termos:

- Ano 2017 111.313,60 euros
- Ano 2018 107.467,40 euros

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1320).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE DA EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO “VILLA SOLITA” (ALCABRE).EXPTE. 8716/307.

Visto o informe de fiscalización do 27/11/17, dáse conta do informe-proposta do 24/11/17, asinado pola xefa do Servizo de Patrimonio Histórico, a xefa de área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En data 19 de outubro de 2016, a Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico, tendo en conta o estado deteriorado no que se atopaba o inmovible e área anexa da coñecida como Villa Solita, situada en Alcabre e de propiedade municipal, procedeu á contratación do seu Plan de recuperación e posta en valor a prol da empresa PROYECTOPIA, S.L., que presentou proxecto asinado polo arquitecto Víctor Hermo Sánchez, en decembro de 2016, que consiste en *convertir a ruína nun lugar visitable e accesible, poñendo en valor a ruína en sí e dotándoa de accesibilidade e e adecuación para uso como espazo público visitable e salón urbano.*

SEGUNDO.- Con data 26 de xullo de 2017, a Delegación Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, resolveu autorizar o proxecto de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de Villa Solita.

TERCEIRO.- Con data de 21 de novembro de 2017, o Xefe da oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras Públicas emite informe técnico favorable ao devandito proxecto, aínda que o mesmo é facultativo, xa que a cuantía das obras é inferior a 350.000 euros, e a actuación non afecta a estabilidade, seguridade ou estancidade da obra. No mesmo indica que os prezos se corresponden cos de mercado, e que se consideran adecuados para a execución do contrato, así como que a documentación do proxecto considérase completa.

CUARTO.- Con data 23 de novembro de 2017, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, aprobou o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a

Deputación provincial de Pontevedra para o financiamento das obras de recuperación e posta en valor das ruínas de Villa Solita.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

-Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

- Aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CORRECCIÓN DE PATOLOXÍAS, CONSOLIDACIÓN E ACCESIBILIDADE A EDIFICACIÓN COÑECIDA COMO "VILLA SOLITA" (ALCABRE), redactado polo arquitecto Víctor Hermo Sánchez, cun orzamento base de licitación, IVE engadido, de DOUSCENTOS SETENTA E SETE MIL EUROS (277.000 EUROS), e data 22 de decembro de 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1321).- NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO A TRES PRAZAS DE CONDUCTOR-BOMBEIRO, POLA QUENDA LIBRE, OEP 2013. EXPTE. 30989/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 1/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 29/11/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2013, aprobou a oferta de emprego público municipal para dito ano, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 22 de febreiro de 2015, e no DOG de data 24 de decembro de 2015.
2. As bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos derivados, foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 25 de novembro de 2016 e publicadas no BOP nº 1, do 02 de enero de 2017 (dispoñibles tamén na sede electrónica do

Concello de Vigo no sitio: <https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/oferta.jsp?id=27&lang=ga>).

3. Foron convocadas, entre outras, tres prazas de Conductor-Bombeiro, incluída no Subgrupo C2 de titulación. Escala: Administración especial. Subescala: servizos especiais. Clase: extinción de incendios; categoría, condutor-bombeiro; tanda de acceso: libre.

4. De conformidade co previsto na Base VII das específicas, en relación coa base Décimo cuarta das xerais, os aspirantes aprobados unha vez achegada toda a documentación esixida nestas, serán nomeados funcionarios en prácticas, debendo superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración, como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionarios de carreira.

5. En data 29 de agosto de 2017, a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente, acordou:

"PRIMEIRO: Nomear funcionarios en prácticas con cargo ás prazas convocadas de Conductor-Bombeiro, aos seguintes aspirantes propostos polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre coa maior puntuación:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
37	GARCÍA SÁNCHEZ	DIEGO	*****237Y	34,9500
84	SOBRINO COSTOYA	ANXO	*****369W	33,4625
48	LAMAS MATILDE	SERGIO	*****557M	30,6500

6. En data 07 de setembro de 2017, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, resolveu:

"Primeiro.- Constituir unha Comisión especial de valoración, encargada de efectuar a proposta de nomeamento de tres funcionarios de carreira con cargo ás prazas de condutor bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, aos aspirantes que, tendo aprobada a oposición e foron nomeados en prácticas por acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de agosto de 2017, unha vez superen o curso selectivo contemplado na base VII das específicas".

7. En data 17 de novembro de 2017 a Comisión Especial de Valoración constituída ao efecto, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como funcionarios de carreira con cargo ás prazas vacantes de condutor bombeiro incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) 2013 a D. DIEGO GARCÍA SÁNCHEZ, con DNI *****237Y, D. ANXO SOBRINO COSTOYA, con DNI *****369W e D. SERGIO LAMAS MATILDE, con DNI *****557M.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de datas 19/06/2015 e 30/12/16 e, previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo técnico de organización e planificación de RR.HH que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Nomear funcionarios de carreira con cargo ás prazas vacantes de Conductor-Bombeiro incluídas na OEP 2013, aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión, extraordinaria e urxente, de data 29 de agosto de 2017, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria:

APELIDOS	NOME	DNI
GARCÍA SÁNCHEZ	DIEGO	*****237Y
SOBRINO COSTOYA	ANXO	*****369W
LAMAS MATILDE	SERGIO	*****557M

SEGUNDO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto na Base 16ª das Xerais da convocatoria.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao interesado, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1322).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS E ACTIVIDADES DA REDE MUSEÍSTICA E EXPOSITIVA. EXPTE. 457/341.

Visto o informe de fiscalización do 29/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/11/17, asinado polo xefe do servizo de Museos Municipais, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INFORME.-

Con data 18 de agosto de 2014 asinouse o contrato de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede museística e expositiva (expte 457/341) entre o Concello de Vigo e a UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-

1 SL E SERVIZOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL, CIF U70420203; que fora adxudicado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria do 23 de xuño de 2014; os pregos de cláusulas técnicas (PPT) e administrativas (PCAP) que rexen para este contrato, e forman parte del, foran aprobados pola Xunta de Goberno Local do 13 de setembro de 2013.

O prazo do contrato é de tres anos, prorrogable por un máximo de tres anualidades, contados dende o 1 de setembro de 2014 e o prezo é de 1.663.328,72 € (un millón seiscientos sesenta e tres mil trescentos vinte e oito mil euros, con setenta e dous céntimos), IVE incluído. Actualmente está en vigor a primeira prórroga anual para o período 1 de setembro 2017-31 de agosto de 2018.

Os prezos unitarios de licitación, que figuran no apartado 3.F da Folla de Especificacións do Contrato (FEC) do PCAP, para os servizos de vixilancia de seguridade foron os seguintes:

Laborable Diurna.- 17,25 €, sen IVE / 20,87 €, con IVE

Festiva Diurna.- 18,49 €, sen IVE / 22,37 €, con IVE

Laborable Nocturna.- 18,80 €, sen IVE / 22,75 €, con IVE

Festiva Nocturna.- 20,04 €, sen IVE / 24,25 €, con IVE

E os importes de licitación anual para o mantemento de sistemas de seguridade ascéndían a: 20.228,20 € anuais, sen IVE, ou 24.476,12 €/anuais, con IVE.

De acordo coa oferta da empresa adxudicataria UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL E SERVIZOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL e o acordo da XGL de adxudicación (23 de xuño de 2014) produciuse unha baixa do 7,06 % proporcional única para os servizos unitarios dos servizos de vixilancia e o prezo anual do servizo de mantemento.

Os prezos unitarios de adxudicación, unha vez aplicada a baixa ofertada, para os servizos de vixilancia de seguridade foron os seguintes:

Laborable Diurna.- 16,03 €, sen IVE / 19,40 €, con IVE

Festiva Diurna.- 17,18 €, sen IVE / 20,79 €, con IVE

Laborable Nocturna.- 17,47 €, sen IVE / 21,14 €, con IVE

Festiva Nocturna.- 18,63 €, sen IVE / 22,54 €, con IVE

E os importes de adxudicación anual para o mantemento de sistemas de seguridade foron a: 18.800,09 €/anuais, sen IVE, ou 22.748,11 €/anuais, con IVE.

REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

A cláusula 30 do PCAP sobre "REVISIÓN DE PREZOS" establece:

"1.- Os prezos da presente contratación poderán ser obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia no apartado 3.J da FEC conforme a fórmula ou sistema de revisión indicado no citado apartado. A súa aplicación corresponderalle ó responsable do contrato que se aterá ó previsto nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

2.- O importe das revisións que procedan faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou na liquidación do contrato.

3.- As revisións de prezos deberán ser aprobadas expresamente polo órgano de Contratación."

A cláusula 3.J da FEC que dí: *"Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20 % do seu importe, e recollerá o 50% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de*

presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade.”

ANTERIORES REVISIÓNS DE PREZOS DO CONTRATO.-

De acordo co establecido no apartado 3.J da FEC realizáronse dúas revisións de prezos do contrato aprobadas pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións ordinarias do 8 de abril de 2016 e 4 de maio de 2017.

Data de adxudicación do contrato.- 23 de xuño de 2014.

Data de sinatura do contrato.- 18 de agosto de 2014. Data da primeira revisión.- 19 de agosto de 2015 (un ano dende a formalización do contrato).

Período de aplicación da primeira revisión de prezos.- Dende o 19 de agosto de 2015 ata o 18 de agosto de 2016. Período de aplicación da segunda revisión do prezo do contrato.- Dende o 19 de agosto de 2016 ata o 18 de agosto de 2017.

TERCEIRA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

Considerando que a cláusula 3.J das FEC establece que procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, haberá que entender que os novos períodos de revisión tamén serán por anualidades dende a última data á que se lle aplican os prezos de cada período.

Período da terceira revisión do prezo do contrato.-

O período de aplicación da segunda revisión do prezo do contrato sería dende o 19 de agosto de 2017 ata o 18 de agosto de 2018.

Fórmula para a revisión.- A mesma que establece a cláusula antes citada para a primeira revisión: o 50% da variación do IPC nacional.

Importe da variación do prezo.-

A variación do IPC nacional entre o período agosto 2016 e agosto de 2017 é de +1,6 % (un punto con seis décimas); polo que a variación do prezo do contrato a aplicar é de +0,8% (oito décimas de punto), que supón o 50% da variación do IPC no período correspondente.

PREZOS DA TERCEIRA REVISIÓN DO CONTRATO.-

Os prezos unitarios derivados da aplicación da terceira revisión de prezos, para os servizos de vixilancia de seguridade son os seguintes:

Laborable Diurna.- $16,01 \text{ €} + 0,12808 = 16,14 \text{ €}$, sen IVE / 19,53 € con IVE.

Festiva Diurna.- $17,16 + 0,13728 = 17,30 \text{ €}$, sen IVE / 20,93 con IVE.

Laborable Nocturna.- $17,45 \text{ €} + 0,1396 = 17,59 \text{ €}$, sen IVE / 21,28 con IVE.

Festiva Nocturna.- $18,61 \text{ €} + 0,14888 = 18,76 \text{ €}$, sen IVE / 22,70 con IVE.

E os importes anuais derivados da aplicación da terceira revisión de prezos, para o mantemento de sistemas de seguridade son: 18.781,29 € + 150,25032 = 18.931,54 €, sen IVE, ou 22.907,16 €, con IVE; anual. (Mantemento trimestral: 4.732,88 € sen IVE/ 5.726,79 con IVE).

IMPORTE A REGULARIZAR COA TERCEIRA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO.-

Coa terceira revisión dos prezos do contrato compre, por parte da empresa adxudicataria, regularizar os importes xa facturados entre o período 19 de agosto de 2017 e 31 de outubro de 2017, que serían os seguintes:

Período 1 de setembro-31 de outubro de 2017.- Facturado: 75,563,84 €, sin IVE / 91.432,25 € con IVE.

Período 19 ao 31 de agosto de 2017.- Importe: 15.564,97 €, sin IVE / 18.833,61 € con IVE, (total facturado mes de agosto 2017: 36.753,21 € / 44.471,38 €, con IVE)

Total facturación de servizos do 19 de agosto 2017 a 31 de outubro de 2017.- 91.128,81 €, sen IVE / 110.265,86 € con IVE.

Importe a regularizar.- + 729,03 € máis IVE; total +882,13 € co IVE incluído a incluír na primeira factura emitida despois da notificación do acordo.

Polo exposto, coa conformidade co Xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural e o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o informe da Intervención Xeral faise á seguinte PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1.- Que se aproben os novos prezos unitarios, derivados da terceira revisión, do contrato de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros e actividades da rede museística e expositiva (expte 457/341), suscrito entre o Concello de Vigo e a UTE SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1 SL E SERVIZOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1 SL, CIF U70420203; de acordo co establecido na cláusula 30 do PCAP sobre "REVISIÓN DE PREZOS" e o apartado 3.J da FEC correspondentes ao período 19 de agosto de 2017 ata o 18 de agosto de 2018.

Data de adxudicación do contrato.- 23 de xuño de 2014.

Data de sinatura do contrato.- 18 de agosto de 2014. Data da primeira revisión.- 19 de agosto de 2015 (un ano dende a formalización do contrato).

Período de aplicación da primeira revisión de prezos.- Dende o 19 de agosto de 2015 ata o 18 de agosto de 2016. Período de aplicación da segunda revisión do prezo do contrato.- Dende o 19 de agosto de 2016 ata o 18 de agosto de 2017.

Fórmula para a revisión.- A mesma que establece a cláusula antes citada para a primeira revisión: o 50% da variación do IPC nacional.

Importe da variación do prezo.-

A variación do IPC nacional entre o período agosto 2016 e agosto de 2017 é de +1,6 % (un punto con seis décimas); polo que a variación do prezo do contrato a aplicar é de +0,8% (oito décimas de punto), que supón o 50% da variación do IPC no período correspondente.

Os prezos unitarios derivados da aplicación da terceira revisión de prezos, para os servizos de vixilancia de seguridade son os seguintes:

Laborable Diurna.- $16,01 \text{ €} + 0,12808 = 16,14 \text{ €}$, sen IVE / 19,53 € con IVE.

Festiva Diurna.- $17,16 + 0,13728 = 17,30 \text{ €}$, sen IVE / 20,93 con IVE.

Laborable Nocturna.- $17,45 \text{ €} + 0,1396 = 17,59 \text{ €}$, sen IVE / 21,28 con IVE.

Festiva Nocturna.- $18,61 \text{ €} + 0,14888 = 18,76 \text{ €}$, sen IVE / 22,70 con IVE.

E os importes anuais derivados da aplicación da terceira revisión de prezos, para o mantemento de sistemas de seguridade son: 18.781,29 € +150,25032= 18.931,54 €, sen IVE, ou 22.907,16 €, con IVE; anual. (Mantemento trimestral: 4.732,88 € sen IVE/ 5.726,79 con IVE).

2.- Que a regularización de prezos para o período 19 de agosto de 2017 ao 31 de outubro de 2017, por un importe + 729,03 € máis IVE (total +882,13 €, oitocento oitenta e dous euros con trece céntimos, co IVE incluído) se realice na primeira factura emitida pola empresa adxudicataria unha vez que lle sexa notificado este acordo.

3.- Que a partir do mes de notificación do acordo da aprobación de novos prezos a empresa adjudicataria facture a prezos actualizados sinalados no punto 1.- deste acordo e complete a regularización si quedase algún período pendente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1323).- ACEPTACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CESIÓN A VIARIO NO CAMIÑO DA BARROCA, DEVESA 1, NAVIA. EXPTE. 2833/244.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/11/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, a arquitecta-xefe de Planeamento e Xestión da XMU, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FEITOS

- I. Con data do 25/05/2017 por Concepción Iglesias Fontán achégase solicitude de aceptación de cesión voluntaria para viario segundo o planeamento vixente, no fronte da súa parcela no Camiño da Barroca, Navia e achégase axunto un informe de viabilidade, asinado polas arquitectas Rosa del Río Pastoriza e Carolina Domínguez Gómez -doc. 170071991 do rexistro de entrada do Concello de Vigo-.
- II. Con data do 14/07/2017 emite o seguinte informe o enxeñeiro técnico de obras públicas da xerencia municipal de Urbanismo: *““INFORME
El terreno que se pretende ceder, pertenece a un ramal del camino barrocas, que parte hacia el norte desde el n.º 4 del camino.
El lado par de este camino es de titularidad municipal salvo el frente de la parcela que se pretende ceder.
El frente de la parcela afectado por las alineaciones esta completamente pavimentado y urbanizado, estando en la actualidad el cierre de la parcela en la alineación.
Este departamento considera que puede recibirse este suelo destinado a vial sin necesidad de ejecutar obras complementarias de urbanización””*.



- III. Con data do 27/09/2017 polo xerente de Urbanismo requiríuselle á solicitante diversa documentación de cara a mellorar a súa instancia.

- IV. Con data do 08/11/2017 comparece Concepción Blanco Iglesias e solicita a súa subrogación neste expediente administrativo con motivo do falecemento da súa nai. Axúntase á comparecenza asinada, a documentación acreditativa desta circunstancia e da súa condición de herdeira.
- V. Con data do 06/10/2017 achégase memoria de cesión voluntaria de terreos para viario, no camiño da Barroca, núm. 86, Navia, asinada polas arquitectas Rosa del Río Pastoriza e Carolina Domínguez Gómez -doc. 170137685 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.
- VI. Con data do 24/11/2017 pola arquitecta municipal, xefa do departamento de Planeamento e Xestión, realizouse informe do seguinte tenor literal: *“A parcela da que se solicita informe está situada no camiño Barroca, dentro do núcleo de Devesa, en San Paio de Navia. No vixente P.X.O.U. aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993, a parcela atópase **clasificada como SOLO DE NÚCLEO RURAL 11 06 DEVESA 1** (núcleo rural existente recente creación), na parroquia de Navia. A **ordenanza de aplicación** é a **1.3.B**.*

Folla Nº12-30 do plano de CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN do PXOU de 1993.

Ordenanza 1.3.B Illada de media densidade:

GRADO Ancho	EDIFIC. m ² /m ²	DENSIDADE Viv/Ha	ALTUR. A MÁX.	PARCEL A	RETRANQUEOS fronte fondo laterais	Zona unitaria	Diámetro Círculo
inscribible	ml						MÍNIMA
B	0.50	20	2	500	4 4 4 4	150	9

mínimo

inscribible

B


OCUPACIÓN MÁXIMA: 35%

Os criterios de parcela mínima en canto ao ancho mínimo serán para novas parcelacións, podendo ser dispensado xustificadamente, en parcelas, existentes sempre e cando dispoñan dun fronte mínimo a vial de 3 m.


Usos permitidos:

1. Vivenda: unifamiliar.
2. Garaxe-aparcamento: Anexo a outros usos: Categorías 1 e 2.
En edificio exclusivo: cat. 1
3. Artesanía: Cat. 1 e 2.
4. Industria: 9. Auga, gas electr.
5. Aloxamento colectivo: Hoteis ata cat.2
Residencias institucionais. Cat.1 e 2.
6. Comercial: En edificio exclusivo. Cat. 1, 2 e 3. En edificio con vivenda. Cat.1.
7. Oficinas: En edificio exclusivo ata cat. 2. En edificio de vivenda cat. 1.
8. Espectáculos: Locais pechados cat.1. Ao aire libre. Categoría única.
9. Lugares de reunión: Locais pechados cat.: 1. O aire libre: categoría única.
10. Relixioso.
11. Cultural.
12. Deportivo. Locais pechados cat.1. Ao aire libre cat. Única.
13. Sanitario: En edificio exclusivo cat. 1. En edificio con outros usos cat. 1.
14. Servizos Xerais.

A parcela está afectada pola ampliación do Camiño Barroca, precisamente a cesión que se pretende se corresponde cos terreos situados fóra da aliñación, segundo informe do enxeñeiro civil que consta no expediente.



Recorte da folia 12-30, Plano de Clasificación e Calificación PXOU1993, coa parcela sinalada en azul.



Na imaxe reproducida pódese ver en vermello a parte obxecto da cesión, en azul a parte de parcela privada.

Segundo os planos presentados a parcela ten unha superficie total de 518 m², tras a cesión esta superficie quedaría dividida en dos parte nunha parte, terreo destinado ao vial, obxecto da cesión de 49m² e outra parte de parcela privada, con ordenanza 1.3.B. de 469 m².

Segundo informe, do enxeñeiro civil, que consta no expediente, a parte da parcela cuxa cesión se pretende está xa urbanizada e fóra do peche da parcela, situándose o peche na alíñación.

O PXOU 1993 é un Plan non adaptado á Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia, nin a Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural (LOUGA) , polo tanto, segundo a Disposición Transitoria Primeira da Lei, apartado 2, o réxime de aplicación será:

“Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei”.

DESCRIPCIÓN DAS PARCELAS

PARCELA ORIXINAL

Superficie: 518 m².

Referenza catastral: 9736156NG1793N

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural. Ordenanza de aplicación 1.3.B.

Lindeiros:

Norte Antonio Iglesias Costas.

Sur: Camiño Barroca, Marcos de la Torre Bouza e José Ramón de la Torre Costas.

Leste: José Antonio Blanco Iglesias e Rosa Pedrosa Vila.

Oeste: Segunda Gestoso Iglesias.

PARCELA RESULTANTE 1:

Parcela de cesión con destino a vial público:

Superficie 49 m².

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, destino vial público.

Lindeiros:

Norte Antonio Iglesias Costas.

Sur: Camiño Barroca.

Leste: Parcela resultante 2 descrita a continuación.

Oeste: Segunda Gestoso Iglesias.

PARCELA RESULTANTE 2:

Superficie 469 m².

Referenza catastral: 9736156NG1793N (parte).

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural. Ordenanza de aplicación 1.3.B.

Lindeiros:

Norte Antonio Iglesias Costas.

Sur: Marcos de la Torre Bouza e José Ramón de la Torre Costas.

Leste: José Antonio Blanco Iglesias e Rosa Pedrosa Vila.

Oeste: Parcela resultante N^o2, descrita anteriormente””.

NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO

- I. O contido do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva polo Consello da xunta do día 29 de abril de 1993 -DOG do día 10 de maio de 1993 e xunto coas normas urbanísticas, BOP núm. 133, do día 14 de xullo de 1993-, coas súas modificacións puntuais.
- I. O Real Decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana,
- II. A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- III. O Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- IV. O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, que aproba as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria, sobre inscrición no Rexistro da Propiedade, dos actos de natureza urbanística,
- V. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento das Administracións Públicas,
- VI. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público,
- VII. A Lei 28/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa,
- VIII. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,
- IX. A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- X. A Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e o Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o seu regulamento,
- XI. O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de bens das entidades locais,
- XII. A Lei de expropiación forzosa, de 16 de decembro de 1954 e o Decreto de 26 de abril de 1957, que aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa,
- XIII. O Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e Real Decreto 1098/2001, de ou-

tubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas,

- XIV. Os estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, aprobados definitivamente polo pleno do día 29 de xullo de 1996 (BOP do día 4 de setembro de 1996) e modificación aprobada polo pleno do día 20 de outubro do 2000 (BOP núm. 212 do día 6 de novembro de 2000),
- XV. O resto de disposicións que poidan afectar,

FUNDAMENTOS DE DEREITO E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Réxime xurídico de aplicación.-

O suposto que nos ocupa trátase dunha segregación e cesión gratuíta de solo solicitada de maneira voluntaria, dos terreos afectados pola regularización de aliñacións, nunha parcela situada no camiño da Barroca, en Navia.

O artigo 4.1.p) da Lei de contratos do sector público estatal, exclúe do seu ámbito de aplicación, os contratos de compravenda, donación, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos, sobre bens inmobles, valores negociables ou propiedades incorporais, a non ser que recaian sobre programas de ordenador e deban ser calificados como contratos de suministro ou servizos, que terán sempre o carácter de contratos privados e se rexerán pola lexislación patrimonial.

Neste senso, establece o artigo 9 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais, que éstas terán capacidade xurídica plena para adquirir e posuír bens de todas as clases, incluíndo o artigo 10 do mesmo corpo legal, entre as formas de adquisición a donación. Consonante ao artigo 12 do dito Regulamento a adquisición de bens a título gratuíta non estará suxeita a restrición algunha; non obstante, si a adquisición levase anexa algunha modalidade ou condición onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire.

Cómpre tamén traer a colación pola súa importancia o artigo 3 do Regulamento de bens, que inclúe entre os bens de dominio público local, entre outros, os camiños e rúas e en tanto que no seu parágrafo 2 dispón que “sen prexuízo da vinculación do solo ao seu destino urbanístico desde a aprobación dos Plans, a afectación dos inmobles ao uso público producirase, en todo caso, no momento da cesión do dereito á Administración actuante conforme á lexislación urbanística”.

Xa no eido da lexislación urbanística, a condición de soar ven establecida polo artigo 18 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que refírese ás superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas ás vías ás que dean fronte.

Consonante ao disposto polo artigo 20 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, en solo urbano consolidado os propietarios teñen, entre outros, os seguintes deberes: “a) Ceder gratuítamente á administración titular da vía os terreos destinados a vías fóra das aliñacións establecidas no planeamento cando pretendan parcelar, edifi-

car ou rehabilitar integralmente, b) Completar pola súa conta a urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se aínda non a teñen, a condición de soar, nos supostos de edificar ou rehabilitar integralmente. Para tal efecto, afrontarán os custos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaria en funcionamento...". Dicitos a este respecto, que estes deberes son correlativos dunha serie de DEREITOS dos propietarios en solo urbano contemplados no artigo 19 da dita Lei, que para o caso do urbano consolidado serían o dereito a completar a urbanización dos terreos para que adquiran a condición de soar e a edificar estes, nas condicións establecidas nesta lei e no planeamento aplicable.

Polo que respecta ao MOMENTO no que será esixible o cumprimento da obriga de cesión aos propietarios, será por tanto cando soliciten a correspondente licenza de parcelación, edificación ou rehabilitación integral, en tanto que a obriga de urbanización do fronte da parcela farase efectiva cando soliciten a licenza de edificación ou rehabilitación integral; non obstante, isto non será óbice para que de forma voluntaria polo titular da parcela se realice anticipadamente a cesión dos terreos destinados a viarios fóra das aliñacións establecidas no planeamento, o cal estaría amparado polo artigo 129 da Lei 2/2016 cando establece que os terreos destinados polo planeamento a sistemas locais en solo urbano consolidado poderán obterse, ademais de mediante expropiación forzosa ou por permuta forzosa con terreos do Patrimonio Municipal do Solo, por convenio entre a administración e o propietario. Cabe concluír de todo o exposto, que en tanto que os terreos xa están urbanizados, esta administración podería acordar a aceptación anticipada desta cesión urbanística en tanto que estaría en plena correspondencia coa cesión proposta.

II. Inscrición no Rexistro da Propiedade.-

O artigo 29 do Real Decreto 1093/1997, dispón que *“os terreos que en cumprimento das Leis teñan que ser obxecto de cesión obrigatoria, inscribíranse a favor da Administración actuante e para a súa afección ao destino previsto nos Plans de ordenación. Os terreos obxecto de cesión deberán estar libres de cargas salvo que a lexislación urbanística aplicable estableza outra cousa”* e o artigo 30 deste mesmo corpo legal sinala que para a súa inscrición, requirirase que conste o acordo dos titulares rexistrados coa Administración actuante, formalizado en acta administrativa da que se expedirá a certificación correspondente ou en escritura pública, engadindo ademais que nas resolucións, actas ou escrituras mencionadas, poderán levarse a cabo as segregacións ou modificacións hipotecarias que procedan, para a determinación rexistral da finca que é obxecto de cesión.

III. Competencia resolutoria.-

É órgano competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local, consonte ao disposto no artigo 127.1 da LRBRL, por proposta do Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, de conformidade co artigo 10.1.j) dos Estatutos da XMU.

Asemade, será competente para a sinatura da acta de cesión anexa ao acordo que se adopta a vicepresidenta da xerencia municipal de Urbanismo consonte ao disposto no artigo 5.1.e) dos Estatutos da XMU en relación coa resolución do Presidente da XMU de delegación do exercicio de facultades na vicepresidenta da XMU, de 6 de xullo de 2015 (resolvo primeiro, d)).

PROPOSTA

Polo exposto, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Aceptar a cesión gratuíta por parte de Concepción Blanco Iglesias ao Concello de Vigo, do terreo destinado a viario afecto a uso público da parcela da súa propiedade situada no Camiño da Barroca, Devesa 1, Navia e autorizar a estes efectos a súa segregación da parcela matriz, inscrita no Rexistro da Propiedade de Vigo núm. 3 ao Libro 165, Tomo 594, Folio 222, quedando dúas parcelas coas seguintes características de conformidade co informe da arquitecta municipal de data do 24/11/2017:

PARCELA RESULTANTE 1:

Parcela de cesión con destino a vial público:

Superficie 49 m².

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural, destino vial público.

Lindeiros: Norte Antonio Iglesias Costas.

Sur: Camiño Barroca.

Leste: Parcela resultante 2 descrita a continuación.

Oeste: Segunda Gestoso Iglesias.

PARCELA RESULTANTE 2:

Superficie 469 m².

Referencia catastral: 9736156NG1793N (parte).

Clasificación urbanística: Solo de núcleo rural. Ordenanza de aplicación 1.3.B.

Lindeiros:

Norte Antonio Iglesias Costas.

Sur: Marcos de la Torre Bouza e José Ramón de la Torre Costas.

Leste: José Antonio Blanco Iglesias e Rosa Pedrosa Vila.

Oeste: Parcela resultante N^o2, descrita anteriormente””.

SEGUNDO: Convocar á propietaria á formalización desta cesión gratuíta ao Excmo. Concello de Vigo, mediante a sinatura do correspondente documento administrativo, que será elevado ao rexistro da propiedade para a súa inscrición.

TERCEIRO: Dar de alta no Inventario de bens municipais os terreos obxecto da presente cesión.

CUARTO: Dar conta da presente resolución á oficina de Patrimonio do Concello e á oficina de cartografía da xerencia municipal de Urbanismo.

QUINTO: Aprobar o texto da acta de cesión que se insire como Anexo a continuación e que será subscrita en nome e representación do Excmo. Concello de Vigo, pola Concelleira delegada desta área de Urbanismo, dona María José Caride Estévez.

SEXTO: Notificar o presente acordo á interesada, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra o mesmo poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, a contar ambos os dous prazos desde o día seguinte ao da notificación deste acordo””.

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá co seu superior criterio o que estime mais oportuno.

ANEXO: ACTA DE CESIÓN GRATUÍTA AO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

Na xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, o ... de ... de 2017, ante min, JOSÉ RIESGO BOLUDA, secretario da xerencia municipal de Urbanismo,

COMPARECEN

Dona María José Caride Estévez, Concelleira delegada da área de Urbanismo e vicepresidenta da xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (CIF núm. P-8605706 D).

Dona ..., maior de idade, veciña de ..., con domicilio na rúa ..., titular do DNI núm. ...

INTERVEÑEN

Dona María José Caride Estévez, en nome e representación do Excmo. Concello de Vigo, facultada para este outorgamento por delegación do Alcalde-Presidente da xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, conferida por resolución do 6 de xullo de 2015,

D. José Riesgo Boluda, aos efectos de dación de fe pública ao presente documento.

D. ..., en calidade de propietaria dos terreos de cesión.

EXPOÑEN

I. Que polo título que se describirá a continuación dona ..., era propietaria con carácter privativo da seguinte FINCA que consta rexistrada como segue:

Urbana: Terreno hoy a solar edificable denominado Gándara, en la parroquia de Alcabre, municipio de Vigo, de la superficie de 525 m². Sus linderos son: por el norte, con Belarmino Alonso; por el sur, con Eduardo Goberna Costas; por el este, con don Enrique Iglesias Amoedo y por donde tendrá entrada la que está describiendo y por el Oeste, camino vecinal.

TÍTULO: Adquirida por donación.

CARGAS: No hay cargas registradas.

INSCRIPCIÓN: Consta inscrita en el Registro de la Propiedad núm. 3 de Vigo, al Tomo 594, Libro 165, Folio 222.

II. Que consta documentación acreditativa de que dona... é a herdeira legal de dona... e por tanto, a lexítima propietaria na data actual dos terreos que se proceden a ceder.

III. Que a parcela matriz, de superficie 525 m², si ben en realidade ten 518 m², no vixente PXOM aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993, atópase clasificada como Solo de Núcleo Rural 11 06 DEVESA 1 (núcleo rural existente de reciente creación), na parroquia de Navia. A Ordenanza de aplicación é a 1.3.B.

Polo que en consecuencia e de conformidade co que establece a lexislación urbanística, a propietaria está obrigada a ceder gratuitamente ao Concello de Vigo a porción de terreo afectada a viario polas aliñacións establecidas no planeamento vixente e que se describe a continuación: PARCELA RESULTANTE 1:

Parcela de cesión con destino a viario público:

Superficie: 49 m².

Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural, destino vial público.

Lindeiros:

Norte: Antonio Iglesias Costas.

Sur: Camiño Barroca.

Leste: Parcela resultante 2 descrita a continuación.

Oeste: Segunda Gestoso Iglesias.

PARCELA RESULTANTE 2:

Superficie: 469 m².

Referenza catastral: 9736156NG1793N (parte).

Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de aplicación 1.3.B.

Lindeiros:

Norte: Antonio Iglesias Costas.

Sur: Marcos de la Torre Bouza e José Ramón de la Torre Costas.

Leste: José Antonio Blanco Iglesias e Rosa Pedrosa Vila.

Oeste: Parcela resultante N.º 1, descrita anteriormente.

III. Coñecidos os expresados antecedentes, é preciso para a súa eficacia subscribir o presente documento administrativo para a aceptación e formalización da cesión proposta e afección da porción de terreo cedido aos fins previstos na lexislación urbanística, todo iso para a súa ulterior inscrición no Rexistro da Propiedade.

IV. Axúntase á presente acta que se asina copia dos Planos de situación e cesión que forman parte da memoria de cesión, asinados polas arquitectas ... e ...

Exposto canto antecede, os comparecentes outorgan o presente documento de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Dona ... cede gratuítamente e libre de cargas ao Excmo. Concello de Vigo, que ACEPTA, a porción de terreo descrita no Expositivo II da presente acta, dunha superficie de 49 m² como ben de dominio público, sistema viario local, afecto ao uso público.

Segunda.- Como consecuencia da cesión efectuada, tal e como quedou contemplado no Expositivo II da presente acta, a parcela matriz descríbese do seguinte xeito:

Superficie: 469 m².

Referenza catastral: 9736156NG1793N (parte).

Clasificación urbanística: Solo de Núcleo Rural. Ordenanza de aplicación 1.3.B.

Lindeiros:

Norte: Antonio Iglesias Costas.

Sur: Marcos de la Torre Bouza e José Ramón de la Torre Costas.

Leste: José Antonio Blanco Iglesias e Rosa Pedrosa Vila.

Oeste: Parcela resultante N.º 1, descrita anteriormente.

Terceira.- Serán de conta do cedente todos os gastos rexistrados que sexan consecuencia do presente documento.

E en proba da súa conformidade, as partes asinan o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data na cabeceira indicados, do que eu como Secretario, dou fe".

Con data 30/11/17 o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, adoptou o seguinte acordo: "O Consello, por maioría, eleva á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1324).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NOCTURNA NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 8371/612.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

12(1325).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS CORRESPONDENTES Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS-2017”. EXPTE. 4885/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 7/12/17, dáse conta do informe-proposta do 5/12/17, asinado pola técnica medio de Actividades Culturais e Educativas e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 4 de maio de 2017 adoptou o seguinte acordo: Aprobar a **Convocatoria específica para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellaría de Xuventude. Concello de Vigo. 2017**, cun orzamento de **7.000€ (sete mil euros)**.

A convocatoria foi publicada en diferentes medios da prensa local así como na sección de información municipal, na web do Concello(vigo.org) e na web de xuventude(xuventudevigo.org). A publicación do extracto da convocatoria no BOP foi realizada o día 24 de maio de 2017.

Unha vez rematado o prazo de admisión, presentaron solicitude de subvención as seguintes entidades que se relacionan:

- 1.- ASOCIACIÓN XUVENIL E CULTURAL ESBOZOS
- 2.- ASOCIACIÓN CULTURAL E XUVENIL ARCADIA
- 3.- ASOCIACION XUVENIL DO CSCR DE BEADE
- 4.- GRUPO “TRABALLARTE”
- 5.- ASOCIACIÓN XUVENIL XUNTANZA XUVENIL
- 6.- GRUPO “DIBLEO. NETWORKING COMMUNITY”
- 7.- ASOCIACIÓN XUVENIL XENTENOVA (vía Rexistro electrónico)

Analizadas pola Comisión de Valoración (3 de outubro de 2017) as solicitudes presentadas e logo de comprobar que reúnen os requisitos establecidos na base quinta apartado 2, así como a correcta presentación e a correspondente documentación aportada, establecida na base décimo primeira das bases de convocatoria, as solicitudes foron admitidas.

Non obstante e despois dos requerimentos manifestados no informe de Intervención realizouse unha segunda comisión de valoración (20 de novembro de 2017) para modificar e actualizar a situación das solicitudes.

En consecuencia, as solicitudes quedaron do seguinte xeito:

a) Admitidas:

- ASOCIACIÓN XUVENIL E CULTURAL ESBOZOS
- ASOCIACIÓN CULTURAL E XUVENIL ARCADIA
- ASOCIACION XUVENIL DO CSCR DE BEADE

- ASOCIACIÓN XUVENIL XUNTANZA XUVENIL
- ASOCIACIÓN XUVENIL XENTENOVA

b) Excluídas:

- GRUPO “TRABALLARTE”. Non consta a data de rexistro de entrada da solicitude.
- + Grupo DIBLEO “Networking community”. Unha vez requirida a documentación de certificacións que acreditan ao beneficiario atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, dado que a solicitude de subvención supera a cantidade de 3.000€, ésta documentación non foi aportada no prazo requirido.

E, polo tanto, **propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

“1º- Excluir ás seguintes solicitudes de subvención:

- + GRUPO “TRABALLARTE”. Non consta a data de rexistro de entrada da solicitude.
- + Grupo DIBLEO “Networking community”. Unha vez requirida a documentación de certificacións que acreditan ao beneficiario atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, dado que a solicitude de subvención supera a cantidade de 3.000€, ésta documentación non foi aportada no prazo requirido.

2.- Conceder unha subvención polo importe que se relaciona a continuación, para as seguintes entidades agás no caso das entidades: *Asociación Xuvenil do CSCR de Beade e Asociación cultural e Xuvenil Arcadia* que lle correspondía por baremo unha cantidade de subvención superior á solicitada na súa proposta pero decidiuse, na Comisión de valoración, outorgarlle o máximo da cantidade solicitada a subvencionar.

(As valoracións completas realizadas pola Comisión de Valoración pódense consultar no presente expediente no informe de valoración de subvencións que acompaña a Acta da comisión)

ASOCIACIÓN/GRUPO	Puntos	Subvención
ASOCIACIÓN XUVENIL CULTURAL ESBOZOS CIF: G 27755065 Subvención solicitada: 1697€ Proxecto: Asociación xuvenil e cultural Esbozos	E 8,07	1612,15€
ASOCIACIÓN CULTURAL XUVENIL ARCADIA CIF: G27750991 Subvención solicitada: 800€ Proxecto: TERRA MEIGA	E 4,91	800€
ASOCIACIÓN XUVENIL DO CSCR DE BEADE CIF: G36851806 Subvención solicitada: 950€ Proxecto: ROBOTIBEATIZANDO	6,20	950€
ASOCIACIÓN XUVENIL XUNTANZA XUVENIL	8,16	1630,13€

CIF: G36744951 Subvención solicitada: 2000€ Proxecto: CAMPAMENTO CREATIVO E DE LECER ESTIVAL		
ASOCIACIÓN XUVENIL XENTENOVA CIF: G36636538 Subvención solicitada: 2000€ PROXECTO EIXO	7,70	1538,23€

TOTAL PUNTOS de todas as entidades	35,04 puntos
COEFICIENTE (35,04 puntos/7000€)	199,771 valor/1 punto
TOTAL EUROS A SUBVENCIONAR	6530,51€
Total que resta	- 469,49€"

Non obstante a Xunta de goberno Local adoptará o acordo que estime máis convinte.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1326).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez